

PROCEDIMENTO INTERNO PARA A CONVOCATORIA I+D da FECYT para o fomento da innovación pública 2024

A Dirección General da FECYT en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades e a Oficina Nacional de Asesoramiento Científico, ven de aprobar a nova convocatoria I+D 2024 para o fomento da innovación pública, á que se destinarán 2.000.000€.

Obxectivo. Fomentar o uso dos resultados de estudos científicos nas políticas públicas, mediante proxectos innovadores que utilicen evidencias científicas para deseñar políticas públicas máis efectivas e proxectos de asesoramento científico, co fin de aumentar a confianza nas administracións públicas. Os proxectos se desenvolverán a través das seguintes categorías:

- Proxectos de investigación orientados a obter novas evidencias científicas que sirvan para mellorar o deseño dunha política pública.
- Programas e actividades de asesoramento científico directo entre a comunidade científica e as administracións públicas.

Entidades beneficiarias. A convocatoria financia a unha entidade para que facilite evidencia científica a unha administración pública colaboradora. A entidade beneficiaria debe ter personalidade xurídica propia, e poden ser organismos de investigación, universidades, entidades sanitarias, centros tecnolóxicos, centros de I+D e outros actores que promovan a transferencia de I+D. Para participar é imprescindible que os proxectos veñan apoiados mediante unha carta duna administración pública, pola que se compromete a colaborar no proxecto.

Financiamento. Ofrécense subvencións de ata o 90% do coste total do proxecto, cun límite máximo de 100.000€ (para a categoría a) ou 25.000€ (para a categoría b). O custo do proxecto que non sexa imputado á axuda da FECYT deberá ser financiado pola entidade solicitante con fondos propios ou de terceiros. O período de execución é dun máximo de 24 meses dende a data de resolución de concesión (prevista en febreiro-marzo de 2025). As axudas cobren, entre outros, conceptos como:

- Custes de persoal contratado especificamente para o proxecto.
- Gastos de viaxes e dietas.
- Adquisición de material.
- Consultoría, asesoramento, recollida de datos, preparación de accións formativas, avaliación do proxecto, difusión e publicidade.
- Aluguer de salas, organización de conferencias, eventos...

Prazo. O prazo para a presentación de solicitudes é dende o día 15 de xullo de 2024 ata o 30 de setembro de 2024 ás 13:00 horas (hora peninsular española).

Convocatoria. Publicado no [Boletín Oficial del Estado de 20 de junio de 2024](#) o extracto da resolución, de 18 de xuño de 2024, da Dirección General da FECYT, pola que se publica a convocatoria para o fomento da cultura da innovación pública 2024. O texto completo da convocatoria pode consultarse na [Base de Datos Nacional de Subvenciones](#), e as bases reguladoras, orden CIN/1286/2022 de 17 de decembro, están publicadas no [Boletín Oficial del Estado de 26 de diciembre de 2022](#).

Toda a información sobre a convocatoria na seguinte ligazón: <https://convocatoriaip.fecyt.es/>

PROCEDIMENTO E PRAZOS PARA PRESENTAR A SOLICITUDE NA UDC

A fin de poder establecer unha adecuada atención ás dúbidas por parte da comunidade investigadora así como unha eficiente xestión das candidaturas, detállase a continuación o procedemento interno a seguir para presentar as solicitudes a esta convocatoria.

Código Seguro De Verificación	2kZhgwU15r3Rc3VTD0D6Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	01/08/2024 11:35:50	
Observacións		Páxina	1/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2kZhgwU15r3Rc3VTD0D6Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

1. **Mostra de interese.** Ábrese un prazo ata o **venres 20 de setembro de 2024** (incluído), para que as persoas interesadas en presentar unha solicitude a esta convocatoria formulen a súa mostra de interese, que deberá facerse mediante comunicación por correo electrónico á dirección de correo coordinacion.investigacion@udc.gal, incluíndo polo menos o seguinte:

- Nome do/a investigador/a responsable do proxecto.
- Tipo de solicitude (individual ou coordinada), título do proxecto, resumo, descriptors e duración do proxecto.
 - o No caso de solicitudes presentadas en coordinación, débese aportar o documento de compromiso de coordinación que inclúa unha relación de todas as entidades solicitantes, unha xustificación da idoneidade da colaboración para a execución do proxecto e os compromisos de execución das entidades participantes.
- Carta da Administración Pública responsable da política pública cuxo deseño preténdese mellorar (categoría a) ou participante no programa ou actividade de asesoramento científico (categoría b), pola que se compromete a colaborar no proxecto. Esta carta debe estar firmada electrónicamente por un directivo de la Administración Pública.
- Presupuesto do proxecto coa información de todos os gastos necesarios para a realización do proxecto (independentemente de que sexa ou non solicitado o importe a FECYT), incluíndo o concepto de gasto, a súa descrición, custe total da partida e custe solicitado a FECYT. Todos os proxectos deberán ter gastos de persoal xa que, como mínimo, deberáse incluír o custe da dedicación dos membros do equipo de traballo ao proxecto.
- Equipo de traballo.
- Memoria técnica, extensión máxima de 15 páxinas

Os investigadores recibirán resposta á súa expresión de interese nun prazo máximo de tres días hábiles trala recepción da comunicación.

2. **Presentación da solicitude.** Unha vez aceptada a mostra de interese, deberáse remitir a documentación necesaria antes do **xoves 26 de setembro de 2024 ás 14:00h**, co fin de proceder a súa validación interna por parte da UDC, e para ser asinada polo representante legal da entidade. Posteriormente as propostas serán presentadas polo/a investigador/a no portal habilitado a tal efecto <http://www.gestion.convocatoriaip.fecyt.es>, seguindo o procedemento oficial da convocatoria. Nese portal pódese acceder a toda a información necesaria para presentar a solicitude: a guía de presentación de solicitudes, os modelos de memoria técnica e a guía de avaliación de solicitudes. Non se atenderán solicitudes fora dos prazos establecidos neste procedemento. **As solicitudes deben estar grabadas na plataforma FECYT antes do venres 27 ás 14:00 horas.**

Para máis información poden poñerse en contacto coa Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores, ben a través do propio correo coordinacion.investigacion@udc.gal ou ben por vía telefónica (ext. 5760).

A Coruña, a 30 de xullo de 2024

D. Jerónimo Puertas Agudo

Código Seguro De Verificación	2kZhgKwU15r3Rc3VTD0D6Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	01/08/2024 11:35:50	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2kZhgKwU15r3Rc3VTD0D6Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			